

APERTURA DOS PRAZOS E PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN NOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2023-2024

CENTROS ESCOLARES

NOME	ENDEREZO	XANTAR	ALMORZO
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	RÚA PROXECTO VAGALUME,2	SI	SI
CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS	RÚA VILLALDÍA 33-35	SI	SI
CEIP DAS FONTEIÑAS	RÚA DE ROMA,21	SI	SI
CEIP DE ROXOS	RÚA DA BARROSA, 74 - ROXOS	SI	SI
CEIP DE VITE I	AVDA. BURGO DAS NACIÓNS, S/N	SI	SI
CEIP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI	LUGAR DA ESQUIPA. SABUGUEIRA	SI	SI
CEIP MONTE DOS POSTES	RÚA FONTEIÑAS, 79	SI	SI
CEIP RAÍÑA FABIOLA	RÚA ENTREGALERAS, 15	SI	SI
CEIP RAMÓN CABANILLAS	RÚA JOSE SOUTO PAZ, 5	SI	SI
CEIP A. CASAS NOVOA	A SIONLLA DE ABAIXO, 10	NON	SI

I. LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- A. Ábrese o prazo de solicitude de inscrición nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores no curso 2023-2024, tanto para a renovación como para as novas persoas usuarias, dende o 18 de xullo ata o 28 de agosto de 2023 (ámbolos dous inclusive):

A.1 Novos usuarios: primeiro deberán entregar cuberto o correspondente impreso de solicitude de inscrición MODELO ED001 EDUCACION (dispoñible na sede electrónica do Concello) e rexistrarse posteriormente na APP *ColeChef*.

No momento da presentación das solicitudes nos prazos establecidos, non será necesario achegar ningunha documentación. O Departamento de Educación poderá requirir ás familias a presentación daqueles documentos que sexan necesarios para verificar o cumprimento dos criterios de admisión.

A.2 No caso dos usuarios/as que fixeran uso dos servizos no curso 2022-2023 e xa están rexistrados na APP *ColeChef*, só terán que activar os servizos para o curso 2023-2024 na APP *ColeChef*.

A.3 As solicitudes fóra dos prazos dos prazos establecidos durante o curso 2023-2024 poderán ser admitidas sempre e cando existan prazos vacantes nos servizos de comedores e madrugadores no momento de presentar a solicitude. En todo caso, terán preferencia, as solicitudes recibidas nos prazos establecidos.

- B. As solicitudes presentaranse segundo o MODELO ED001 EDUCACION (dispoñible na sede electrónica do Concello) ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite “Inscripción nos servizos de madrugadores e comedores” dentro do catálogo de trámites dispoñibles.

- C. Para evitar os desprazamentos das familias interesadas e aos efectos de obter información precisa sobre o proceso, toda a información estará dispoñible na páxina web municipal. Os interesados poderán ademais contactar co Departamento de Educación. Números de teléfono: 981 554 400/401.

As consultas relacionadas co rexistro e funcionamento da APP *ColeChef* deberán de realizarse no teléfono de atención ás familias 942 420 018 ou tamén por correo electrónico en: soporteapp@colechef.com

- D. O impreso de solicitude poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela www.santiagodecompostela.gal.

II. ORDE DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

1. Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas no curso 2022-2023; o número de persoas usuarias que fixeron uso dos servizos e a previsión de usuarios recollidos no Convenio de Colaboración (1.087 persoas) e se fose necesario restrinxir o número de persoas usuarias que poden facer uso do comedor, sería preciso establecer a seguinte orde de preferencia na asignación das prazas de madrugadores e de comedor escolar entre aqueles solicitantes que presenten a solicitude nos prazos establecidos:

1º O alumnado borseiro polo Departamento de Benestar social do Concello de Santiago de Compostela; os/as nenos/as refuxiados/as ucraínos/as e os grupos de familias de especial consideración (Familias numerosas, familias monomarentais ou monoparentais; as familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias en situación de violencia de xénero e as familias acolledoras).

2º Aquelas familias nas que ambos titores estean traballando ou en tránsito laboral no horario de comedor, ou un no caso de familias monoparentais/monomarentais.

Terán preferencia entre elas, as familias que soliciten os 5 días da semana e polo tanto, o mes completo. A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

Sempre e cando existan prazas dispoñibles nos servizos de comedor e madrugadores, unha vez asignadas as prazas dos apartados 1 e 2, asignaríanse as prazas cos seguintes criterios:

3º As solicitudes de usuarios fixos (5 días a semana, mes completo). A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días fixos solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

No caso de empate realizaríase un sorteo.

2. Todas as solicitudes entregadas nos prazos establecidos que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda ata que se produza unha vacante no servizo solicitado e irán entrando en orde segundo os criterios anteriores.
3. Para a asignación das citadas prazas, teranse en conta os servizos contratados. A empresa Alimentación Saludable Gallega, S.A. porá a disposición do servizo de madrugadores e comedores a APP ColeChef. Nesta plataforma de comunicación bidireccional poderase consultar a programación diaria de menús, a información nutricional e realizar as xestións de rexistro de altas e baixas nos servizos. Para utilizar o servizo de xantar e/ou almuerzo será requisito imprescindible rexistrarse nesta APP.
4. Os datos facilitados polas familias, no caso de ser necesarios, serán comprobados coa listaxe de beneficiarios de Bolsas que resolta o Departamento de Benestar Social e coa acreditación documental, por parte das familias, de pertencer a grupos de familias de especial consideración ou da necesidade de conciliación laboral, ao coincidir os horarios de traballo co horario de comedor e madrugadores (ou no seu tránsito).
5. No caso de que as familias non fagan uso do servizo de madrugadores e de comedores sen causa xustificada por razón de forza maior e debidamente comunicada e acreditada, ou ben non faga uso do servizo en base á solicitude presentada durante dúas semanas continuadas, decaerá o seu dereito de reserva de praza no servizo de comedores e madrugadores, pasando ao último posto da lista de agarda e dando lugar ao cobro íntegro do servizo contratado.
6. Queda aberta a inscrición fora dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, sempre que haxa praza vacantes e, despois de que entrasen os usuarios que realizaron a matrícula nos prazos establecidos.

III. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE MADRUGADORE E COMEDORES

- Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2023-2024 dende o primeiro ata o último día que se estableza no calendario escolar correspondente dos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tendo en conta que o servizo de comedor e madrugadores se rexe pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor, se houberse algún cambio a ese respecto que poidera afectar ou ser de aplicación a estes servizos municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para as persoas usuarias como para a empresa adxudicataria da xestión.
- No caso de non asistencia ao servizo de xantar e de almuerzo, para o non aboamento do servizo, deberá comunicalo con data límite ás 16.00 h do día lectivo inmediato anterior a través da APP ColeChef.

- Para utilizar a modalidade puntual no xantar, será necesario activar o servizo na APP antes das 16:00 h do día anterior.
- A data límite para comunicar altas, baixas ou calquera outra modificación do uso do servizo para o mes seguinte comunicarse antes do día 25 de cada mes anterior.
- Non poderán facer uso de xantar e almorzo as persoas usuarias con recibos impagados de cursos anteriores.
- Para o curso 2023-2024 manteranse os mesmos presos autorizados que foron aprobados na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2019:
 - Prezo almorzo/comensal/día: 1,94 €.
 - Prezo xantar/comensal/día: 4,50 €.
- O importe mensual dos recibos a pagar polas familias será o resultado de multiplicar o número de días contratados ou, se é o caso, consumidos, polo prezo do servizo.